

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 15027307 | IES Isidro Parga Pondal | Carballo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 2º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 7 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 7 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 7 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 7 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 10 |
| 7.2. Actividades complementarias | 11 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 11 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 12 |
| 9. Outros apartados | 12 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

A consecución dunha carreira académica exitosa e o exercicio de calquera profesión pasan hoxe en día polo satisfactorio desempeño en situacións variadísimas nas que a seguridade á seguridade na dicción, a presenza escénica, e en definitiva, o dominio do escenario resulta extraordinariamente útil: debates, participacións en órganos de goberno, defensas de teses ou de proxectos de fin de carreira, mesas redondas, breves discursos de inauguración, relatorios, discursos comerciais, comunicacións coa clientela e con outros membros da mesma organización ou empresa, presentacións de ideas ante asociacións e institucións, etc.

A materia "Un festival musical", pretende ofrecerlle ao alumnado un amplo repertorio de coñecementos, aptitudes e destreza necesarias para poder desenvolver competencias comunicativas, sociais, expresivas e creativas, relacionadas coa autonomía personal e manifestacións de natureza social, cultural e artística posuidoras de códigos específicos e significativamente diferenciadores, con posibilidades de sinerxías co resto das expresións da arte.

Os alumnos e as alumnas, ademais dos contidos puramente teóricos, poderán desenvolver competencias comunicativas, sociais, expresivas, creativas e relacionadas coa resolución de problemas e a autonomía persoal, estimulando a súa interacción co medio e garantindo, por tanto, o logro de fins formativos e propedéuticos asignados a esta etapa. Ao entender a dimensión integral das artes escénicas, os alumnos e as alumnas serán capaces de relacionar estas artes coas demais.

Amais, o alumnado que cursa esta materia aprende a expresar, comunicar e recibir pensamentos, emocións, sentimentos e ideas, propios e alleos, mediante o uso das máis variadas técnicas e destrezas inherentes ás artes escénicas. Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

ENTORNO

O Instituto de Educación Secundaria Isidro Parga Pondal, atópase en Carballo, concello da provincia da Coruña. Este é un concello situado a uns 35 Km de a Coruña, con aproximadamente 31.000 habitantes . En Carballo hai outros dous IES, onde o alumnado pode cursar , ademais da ESO e do Bacharelato, diferentes ciclos formativos tanto de ensino medio como superior. Ademais conta cun conservatorio profesional de música, unha Sección da Escola oficial de idiomas, e Biblioteca pública para a formación do alumnado. O entorno universitario máis cercano está na Coruña ou en Santiago de Compostela.

CENTRO

A oferta formativa deste centro consiste na Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Educación Secundaria para Adultos (E.S.A), Bacharelato para Adultos, Programas de Reforzo Orientación e Apoio (P.R.O.A), Ensinanza básica inicial, Administración de Sistemas Informáticos en Rede (CS/ASIR) e Formación aberta on-line (aulaMentor).

Este proxecto competencial "Un festival musical", será impartido en catro grupos de 1º ESO: 1º ESO B , con 7 alumnos/as, 1º ESO C , con 12 alumnos/as, 1º ESO D , con 10 alumnos/as, 1º ESO E , con 11 alumnos/as; en tres grupos de 2º ESO: 2º ESO A, con 9 alumnos/as, 2º ESO B, con 8 alumnos/as, 2º ESO C, con 10 alumnos/as; e, en dous grupos de 3º ESO: 3º ESO B con 4 alumnos/as e 3º ESO D con 5 alumnos /as. 1

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Como preparar un Festival Musical I | Nesta unidade mediante pequenos proxectos individuais e en grupo irán poñendo en práctica os contidos teóricos recollidos sobre os aspectos necesarios para levar a cabo este proxecto: concertos, obradoiros, luces son, recinto (ubicación, planos, accesos...), artistas (grupos invitados, grupos...), presentadores (como falar en público..), xente de seguridade, exposicións, intérpretes/tradutores (inglés..)... | 20 | 10 | X | | |
| 2 | Como preparar un Festival Musical II | Nesta unidade mediante pequenos proxectos individuais e en grupo irán poñendo en práctica os contidos teóricos recollidos sobre a loxística, todo o entramado de comunicación: redes sociais, web, blog...), notas de prensa, entrevistas, publicidade, radio, buscar nome dos festival, data, facer un cartel, staff, patrocinadores... | 35 | 10 | | X | |
| 3 | Proxecto final: Realización dun Festival de Música | Nesta unidade final se lle dará unión a todo o traballo feito nas anteriores unidades nun | 45 | 15 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Proxecto final: Realización dun Festival de Música | proxecto final que se preseNesta unidade final se lle dará unión a todo o traballo feito nas anteriores unidades nun proxecto final que se presentará dentro e fóra do centro escolar. | 45 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------------|----------|
| 1 | Como preparar un Festival Musical I | 10 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Recoñecer a importancia da cultura galega. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto. | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Temporalizar as distintas fases do proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Solventar incidencias que poidan xurdir. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 2 | Como preparar un Festival Musical II | 10 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Executar as actuacións planificadas. | TI | 100 |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 3 | Proxecto final: Realización dun Festival de Música | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Representación da obra e presentación dos títeres. | TI | 100 |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Cómo facer un Festival de Música".

A actividade nesta materia terá un enfoque eminentemente práctico, pois para que o alumnado aprenda a falar correctamente é necesario facelos actuar. En definitiva, haberá poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favorezca a expresión do alumnado.

É imprescindible a coordinación e o traballo interdisciplinar con outras materias xa que moitas das habilidades desta materia son comúns a outras.

A metodoloxía favorecerá tanto o traballo autónomo do alumnado como o traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--------------------------|
| Ordenador e un proxector |
| Caderno |
| Radio escolar |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula (ou outro espazo) convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, que dispoñeremos a modo de sala de conferencias, teatro...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 35 | 45 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Ao longo das avaliacións o alumnado terá que desenvolver os seguintes criterios de avaliación:

COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXIA RAZOAMENTO LÓXICO E RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

- Organiza a información utilizando procedementos matemáticos.
- Aplica estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Resolve problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA COMPREENSIÓN ORAL E ESCRITA

- Comprende o sentido dos textos escritos e orais.
- Mantén unha actitude favorable cara á lectura.

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

- Exprésase oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utiliza un vocabulario axeitado, estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos.

- Compón distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Aplica a linguaxe corporal non verbal traballada.*
- Expón con claridade as ideas previamente lidas nun texto.*
- Emprega as pausas, os silencios e a postura corporal para potenciar o poder expresivo do seu discurso.*

NORMAS DE COMUNICACIÓN

- Respecta as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexa elementos de comunicación non verbal en diferentes situacións comunicativas.
- Desenvolve as capacidades e destrezas que aumentan o acervo expresivo e o repertorio comunicativo.*
- Adquire control da ansiedade e o medo escénico mantendo a concentración e a atención.*

COMPETENCIA DIXITAL

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

- Emprega distintas fontes para a busca de información.
- Elabora e publicita información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

- Utiliza as diferentes canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas (web, blog, redes sociais...) e desenvolver a publicidade do proxecto.
- Aprende as pautas básicas para facer unha entrevista.*

UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS DIXITAIS

- Manexa ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Actualiza o uso de novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.

COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

RESPECTO POLAS MANIFESTACIÓNS CULTURAIS PROPIAS E ALLEAS

- Mostra respecto cara o patrimonio cultural mundial nas diferentes vertentes (artística, literaria, musical...).
- Valora a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

EXPRESIÓN CULTURAL E ARTÍSTICA

- Expresa sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Aprecia a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

- Aplica dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

RELACIÓN COS DEMÁIS

- Desenvolve capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para a resolución de conflitos.
- Mostra dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

COMPROMISO SOCIAL

- Aprende a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Evidencia preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involúcrase e promove accións cun fin social.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

AUTONOMÍA PERSOAL

- Optimiza recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asume as responsabilidades encomendadas.
- É constante no traballo, superando as dificultades.

LIDERAZGO

- Xestiona o traballo en grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxia o entusiasmo pola tarefa e ten confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Prioriza a consecución de obxectivos grupais sobre os persoais.

CREATIVIDADE

- Xera novas posibilidades dende coñecementos previos dun tema.
- Exprésase cun criterio propio, definido e único.

EMPRENDIMENTO

- Optimizou o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Amosa iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asume riscos no desenvolvemento de tarefas e proxectos.
- Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

APRENDER A APRENDER

PERFIL DE APRENDIZ

- Identifica potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
- Xestiona os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xera estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

FERRAMENTAS PARA ESTIMULAR O PENSAMENTO

- Aplica estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico e emocional.
- Desenvolve estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE APRENDIZAXE

- Planifica os recursos necesarios e os pasos que se han realizar no proceso de aprendizaxe.
- Segue os pasos establecidos e toma decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados.
- Avalía a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Toma conciencia dos procesos de aprendizaxe.

COMPETENCIA PRULINGÜE

COMUNICACIÓN NOUTRAS LINGUAS

- Entende o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Traduce textos básicos en lingua inglesa.

Ao longo de cada avaliación oo alumnado terá que presentar de forma oral e escrita diferentes actividades e traballos en grupo onde desenvolven os criterios anteriormente citados guiados pola profesorado.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmos grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | | |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | X | | X |
| ET.4 - Competencia Dixital | X | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | | X | |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Entrevista nun medio de comunicación local | Difusión informativa do proxecto. | X | X | X |
| Exposicións en locais socioculturais | Exposición e explicación do proxecto á veciñanza | | X | X |

Observacións:

Presentación do proxecto no salón de actos para todo o alumnado do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Metodoloxía empregada |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas. |
| Clima de traballo na aula |
| Participación activa de todo o alumnado. |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados